



# ESTRATEGIAS de animación á lectura



**rodeira**





LER  
PARA  
SABER

# Estratexias de animación á lectura

**LIBRO: Rei**

**COMPETENCIAS CLAVE**

ESTRATEGIAS	COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA				CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CPEC
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR	COMPETENCIA PLURILINGÜE	COMPETENCIA MATEMÁTICA E C. EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA	COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER	COMPETENCIA CIDADÁ	COMPETENCIA EMPREENDEDORA	CONSCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI
<b>1</b>	X	X		X				X			
<b>2</b>	X	X		X	X	X		X	X		X
<b>3</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X
<b>4</b>			X	X	X	X		X	X		
<b>5</b>	X	X	X	X	X			X			
<b>6</b>	X	X	X	X	X		X	X	X	X	X

## ACTIVIDADE 1:

Antes da lectura: «**PARADA DE DOUS TEMPOS**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Potenciar o gusto pola lectura agradable.
- \* Espertar o interese e a curiosidade dos estudantes.
- \* Xerar hipóteses.
- \* Atraer os lectores ao libro.

### DESCRICIÓN

Na seguinte actividade pediremos aos estudantes que observen a portada do libro. Faremos diferentes preguntas que se poderán facer oralmente ou por escrito. Despois dun momento de reflexión individual, pódese facer unha reflexión en pequeno/gran grupo.

**PRIMEIRO TEMPO:** Reflexionamos sobre como nos sentimos antes de ler o libro e analizamos os seus elementos para elaborar hipóteses.

Preguntas:

- \* Como te sentes antes de ler o título? Cal é a primeira imaxe que SE che vén á cabeza?
- \* Escribe unha oración coa que creas que podes resumir o libro que vas ler.
- \* Por que vas ler este libro?

Buscar ideas	Distraerme	Practicar a lectura
Para aprender	Practicar estratexias de comprensión lectora	Desenvolver a imaxinación e a creatividade

\* Que che gustaría atopar neste libro?

Aventura	Historia	Cultura
Amor	Amizade	Outros

**SEGUNDO TEMPO:** A lectura, ademais de ser un tempo de gozo, tamén pode servir para facernos propostas de mellora.

\* Pretendo ler o libro con mentalidade (crítica, atenta, soñadora, etc.)

\* Tres defectos que creo que teño cando leo:

\* Tres virtudes que creo que teño cando leo:

\* Algo que me gustaría mellorar na miña lectura:

\* Como podo conseguilo?

\* Unha frase POSITIVA antes de comezar a ler:

## ACTIVIDADE 2:

Durante a lectura: «E TI? DE QUE EQUIPO EES? (IDENTIDADE)»

### OBXECTIVOS XERAIS


- \* Vincular as experiencias de Rei con experiencias persoais.
- \* Fomentar o sentido de pertenza a un grupo.

### DESCRICIÓN

Esta actividade ten dúas partes. Na primeira parte, os estudantes débúxanse nunha folla e responden, individualmente, ás seguintes preguntas:

- \* Quen son?
- \* Cantos anos teño?
- \* De onde veño?
- \* Cales son as miñas calidades?, etc.

Na segunda parte fanse equipos de 4 ou 5 persoas. En primeiro lugar, cada un mostra a súa imaxe e comparte as súas respostas. Despois, cada equipo debuxará un escudo/logo, cun lema que represente as características de cada membro do grupo.



## ACTIVIDADE 3:

Durante a lectura: «**IMOS INVESTIGAR (FAMILIA DE CANS)**»


### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Activar o coñecemento previo e as experiencias persoais.
- \* Investiga sobre o concepto de manda.

### DESCRICIÓN

Ao comezo, os estudantes crearán unha listaxe de ideas, individualmente ou por parellas, que teñan sobre a manda, como se forma? Como cren que se organizan? etc. Posteriormente, elaborarán unha listaxe de preguntas sobre o que lles gustaría descubrir sobre o tema. A partir destas preguntas, farán unha investigación para coñecer aspectos relacionados co tema e por que razón cren que o autor escolleu os cans.

Para rematar a actividade, elaborarán unha infografía que mostre o aprendido e a súa relación co libro.





## ACTIVIDADE 4:

Durante a lectura: «**RELACIONES DE AMIZADE**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Reflexionar sobre as relacións de amizade.
- \* Expresar estas relacións graficamente.
- \* Traballar a competencia lingüística: expresión escrita.






### DESCRIBIÓN


O profesor repartirá un sociograma (ver ficha adxunta) a cada alumno/a e pediralle que o faga de forma privada e anónima, seguindo as instrucións que nel aparecen. Unha vez rematado o sociograma, pediráselles que anoten no dorso da folla que razóns cren que pode haber para ter pouca ou mala relación cos seus amigos, e como pensan que se pode mellorar. O profesor recollerá todos os sociogramas e, respectando o anonimato, lerá en voz alta algunhas das anotacións para comentar entre todos a oportunidade das solucións e outras posibles que se lles poidan ocorrer.

### ORIENTACIÓNS

O profesor debe coidar moito o anonimato desta actividade, para que poida ser realizada con total liberdade e confianza polo seu alumnado. Se algún dos problemas expresados delatase claramente o alumno, non deberá escollelo para o seu debate na clase e, se o vise oportuno, tratalo co alumno discretamente e en privado. O profesor pode utilizar esta actividade para presentar o libro, iniciándoo como a historia dun neno que crea unha cuadrilla de amigos nunha manda de cans e as relacións que se establecen entre eles.

Completa os espazos cos teus amigos e úneos contigo (EU) mediante liñas segundo a túa relación persoal con cada un deles, seguindo o código:

- |   |   |  |   |
|---|---|--|---|
| * Excelente relación: liña continua verde |  | * Mala relación: liña quebrada vermella              |  |
| * Boa relación: liña continua azul        |  | * Mala relación: liña quebrada negra                 |  |
| * Relación regular: liña continua amarela |  | * Pouca ou ningunha relación: liña descontinua negra |  |



## ACTIVIDADE 5:

Despois da lectura: «**THE WINNER IS...**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Recoñecer as partes da historia.
- \* Inventar novas historias.
- \* Representar as historias.

### DESCRICIÓN

Nesta actividade pediremos aos estudantes que escriban novas historias. Organizaremos o alumnado en equipos. Pasaremos un saco con anaquiños de papel de tres cores (*vermello- personaxes, amarelo- lugar e verde- tema ou misión*), segundo o número de equipos. Cada equipo collerá tres papeis e organizarase para realizar unha pequena obra teatral utilizando os elementos do texto que sacaron.

VERMELLO	AMARELO	VERDE
Unha cuadrilla	Bosque	Un misterio
Unha familia	Fábrica	Salvar o mundo
Grupo de cans	Cidade	Resolver un problema

### VARIANTE

Pódense dar premios coma nos Goya, mellor actor, mellor actriz, mellor representación, mellor guión...

## ACTIVIDADE 6:

Despois da lectura: «**PENSO- INVESTIGO- ACTÚO**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Investigar sobre un dos temas que narra o autor: «saúde e benestar».
- \* Realizar unha campaña de sensibilización.
- \* Desenvolver a creatividade e o emprendemento.

### DESENVOLVEMENTO

Vinculamos un dos temas do libro ao obxectivo de desenvolvemento sostible 3: «Saúde e Benestar».

Primeiro, en pequenos grupos ou en gran grupo, faremos un trebón de ideas sobre o que saben sobre «saúde e benestar».

A continuación, o docente proxectará dous vídeos onde se fala de ambos os obxectivos.

- \* ODS: <https://youtu.be/gQBJfYlDOvA>
- \* ODS 3: <https://www.youtube.com/watch?v=GdySQGTtNL4>

Daremos tempo para que os equipos se organicen e busquen información sobre o obxectivo e traten de contrastar a información coa súa localidade ou o medio no que viven. Podes contactar cunha organización local, ONG, etc...

Unha vez recollida toda a información, desenvolverán unha campaña de sensibilización sobre este tema.

Por último, desenvolve en grupo unha campaña de sensibilización sobre saúde e benestar.

### LISTA DE COTEXO

1. Descrición da campaña
  2. Obxectivos que persegue
  3. A quen vai dirixido?
  4. Deseño da mensaxe
  5. Plan para publicar en medios ou redes sociais
  6. Orzamento/necesidades
- ...